

**ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA  
CELEBRADA O DÍA 04/04/2024(<http://sede.vilagarcia.gal>)**

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE  
D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS  
DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN  
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO  
DONA PAOLA MARIA MOCHALES  
D. CARLOS COIRA LOJO  
DONA SONIA OUTON CASAL  
D. DIEGO GARCIA SANTIAGO  
DONA LUZ MARIA ABALO PÉREZ  
D. ALVARO CAROU GARCÍA  
DONA ANA MARIA GRANJA GUILLÁN  
D. JUAN ANDRES BAYON ROLO  
DONA MARIA ELENA SUAREZ SARMIENTO  
D. JESUS REY RODRIGUEZ  
D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO  
D. RAUL SANTAMARÍA GONZÁLEZ  
DONA MARTA MARÍA FERRADANS PADIN  
D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO  
D. JULIO VARELA CARDALDA  
D. FRANCISCO XABIER RODRIGUEZ PAZ  
DONA ROSA MARIA ABUIN RODRIGUEZ  
D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO

SECRETARIA  
MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTOR  
MANUEL FRANCO LEIS

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 04/04/2024, e coa asistencia da Secretaria e do Interventor, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior, de data 29 de febreiro de 2024.
2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes de febreiro de 2024.
3. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.
- 4.- Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE sobre a desembocadura do Río do Con.

- 5.- Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE sobre os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para o conxunto das administracións públicas.
- 6.- Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PP sobre reparación das deficiencias nas Rúas Marxión, Vilar Ponte e na súa contorna.
- 7.- Comparecencia de D. Alvaro Carou García, en calidade de Concelleiro de Turismo, sobre o proxecto de actuación nas praias da Concha e Compostela.
- 8.- Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.
- 9.- Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.
  - Proposta veciñal da AAVV Carril en relación coa solicitude de traslado urxente do transformador ubicado na Praza da Liberdade.
  - Moción de urxencia do grupo político municipal do BNG, para solicitar que o Concello de Vilagarcía de Arousa realice alegacións contra o proxecto ALTRI en defensa da calidade das augas do Río Ulla e a Ría de Arousa.
- 10.- Resposta dos/as concelleiros/as delegados/as ás preguntas formuladas no Pleno anterior.
- 11.- Rogos e preguntas formuladas polos membros da Corporación Municipal.
- 12.- Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

Polo Sr. Alcalde faise constar o pésame a Dona Ana M<sup>a</sup> Granja Guillán en nome da Corporación

Municipal, polo falecemento da súa nai.

A sesión é gravada, imaxe e son, polos funcionarios municipais D. Juan Luis Núñez Tourís e Dona Elsa Pérez Fernández utilizando o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 29 DE FEBREIRO DE 2024.** Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da acta.

Non habendo ningunha proposta de rectificación queda aprobada por unanimidade dos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21) a acta da sesión anterior de data 29 de febreiro de 2024.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240404&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**2.-TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE FEBREIRO DE 2024:** Pola Secretaria dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA:

- 1 Inscripción asociación en Rexistro Municipal
- 1 Adscrición novo vehículo a licenza taxi
- 1 Aprobación Plan Seguridade e Saúde Obras
- 1 Concesión prazo audiencia resolución contrato concesión Parking Xoan XXIII
- 1 Incorporación de remanente
- 3 Transferencia de crédito
- 2 Renovación licenza animais potencialmente perigosos
- 2 Resolución recurso de reposición
- 1 Arquivo expediente sancionador de tráfico
- 1 Expediente sancionador de tráfico
- 1 Envío vehículos abandonados a centro autorizado
- 2 Aboamento servizos prestados en xornada nocturna
- 1 Aplicación nómina 0,5% retroactivo 2023 e xaneiro 2024
- 1 Dedución de haberes ausencia non xustificada do posto de traballo
- 1 Nomeamento Director Acctal. Da Biblioteca Municipal
- 3 Nomeamento funcionarios/as interinos
- 1 Bases Plan Mais Provincia 2024 - Liña 3 activación do Emprego
- 2 Nomeamento tribunal proceso selectivo persoal
- 6 Substitución posto de categoría superior
- 1 Nomeamento substitución Interventor
- 2 Estimatoria ICIO
- 29 Estimatoria fallidos
- 1 Estimatoria fraccionamento
- 4 Estimatoria pagos duplicados

1 Estimatoria pagos indebidos  
1 Estimatoria bonificación IBI  
2 Desestimatoria IVTM  
1 Estimatoria beneficios fiscais IAE  
6 Estimatoria compensación de débedas  
6 Estimatoria recibos  
2 Estimatoria exención IBI  
20 Estimatoria/desestimatoria taxas e prezos públicos  
3 Estimatoria cambio de xestión de ben inmovible  
5 Estimatoria IBI  
16 Estimatoria/desestimatoria liquidacións e baixas  
13 Estimatoria beneficios fiscais IVTM  
8 Estimatoria/desestimatoria IIVTNU  
1 Préstamo bancario  
7 Orde de pago facturas  
4 Comisións bancarias  
1 Autorización ampliación horario hostalería Entroido  
7 Deber de conservación  
4 Nomeamento letrado recurso contencioso administrativo  
1 Reposición da legalidade urbanística  
1 Concesión de licenza de primeira ocupación  
21 Concesión/denegación Comunicación previa obras  
9 Concesión/denegación licenza de obra menor  
1 Concesión licenza de segregación  
2 Conformidade proxecto de execución  
3 Concesión licenza de obra maior  
1 Denegación licenza de obra menor  
2 Concesión licenza de apertura de establecementos  
1 Denegación licenza de apertura de establecementos  
1 Concesión licenza para instalación de terraza en establecemento de hostalería  
TOTAL: 220

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240404&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

### **3.- TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓN S OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS.:**

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do

concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Están presentadas as seguintes solicitudes de participación cidadá:

- Dona Beatriz Dios Abalo en relación coa moción presentada polo grupo político municipal do PP sobre reparación das deficiencias nas Rúas Marxión, Vilar Ponte e na súa contorna, que figura co nº 6 na orde do día.

- D. Iago Carril Hierro, en nome a AA.VV. do Carril, en relación cunha proposta veciñal solicitando o traslado urxente do transformador ubicado na Praza da Liberdade.

A seguir polo Sr. Alcalde alterase a orde do día da convocatoria do Pleno, tratando continuación o punto nº 6 e despois a proposta presentada polos veciños de Carril, que estaba no apartado de mocións presentadas por razón de urxencia.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240404&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP SOBRE REPARACIÓN DAS DEFICIENCIAS NAS RÚAS MARXIÓN, VILAR PONTE E NA SÚA CONTORNA.-** Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade de data 1 de abril de 2024, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PP coa data de 19 de marzo de 2024, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 21 de marzo de 2024 a seguinte MOCIÓN:

“Reparación das deficiencias nas rúas Marxión, Vilar Ponte e na súa contorna”

EXPOÑEN

Dende hai anos, os veciños do barrio de Marxión veñen denunciando a falta de atención e de coidado das súas rúas. Este mal estar, vese máis agudizado en rúas como Vilar Ponte, Marxión e na contorna da Praza Invisa.

Destas rúas, a de Vilar Ponte é a que sofre os problemas máis graves. As malas canalizacións desta vía provocan que o sistema de saneamento desborde de forma continua cando chove. Ademais, ao non contar con separación de pluviais, as augas fecais se espallan pola superficie. Isto provoca que os veciños teñan que sufrir as consecuencias do lixo e do cheiro que desprenden pola súa rúa os restos das augas fecais.

En Vilar Ponte, ao igual que na rúa Marxión e na Praza Invisa, outro problema ao que teñen que

facen fronte os veciños é o mal estado da estrada. O asfalto sofre numerosas roturas e os continuos parcheados, non provocan máis que desniveis que afectan aos vehículos que circulan pola zona. Nas rúas Marxión e na Plaza Invisa, os veciños destas vías denuncian o mal estado das beirarrúas, que segundo sinalan, moitas están rotas dende o ano 2017. Pero a maior preocupación destes veciños é que se mellore a seguridade viaria. Indican que os vehículos percorren as rúas a gran velocidade e que en moitos casos non respectan os sinais de tráfico, por iso piden que se aumenten e melloren as sinalización.

Os veciños tamén solicitan que se reparen as deficiencias do parque infantil, que conta con xogos e co valado rotos. Tamén reclaman un proxecto que poña en valor o parque que está diante da praza. Aumentando a zona de recreo con máis árbores e unha fonte.

Por último, o que denuncian os veciños, é a falta de mantemento e limpeza de tódalas rúas do barrio de Marxión e da súa contorna.

Tralo exposto anteriormente, o Grupo Municipal do Partido Popular SOLICITA

1. Que se arranxe o saneamento e os sumidoiros da Rúa Vilar Ponte, dando solución ós frecuentes desbordamentos que sofren. E que se realicen baldeos e unha limpeza frecuente en tanto non se arranxe a situación.
2. Reparación da capa de rodadura na rúa Vilar Ponte e en todo o barrio de Marxión e a súa contorna.
3. Mellora de beirarrúas no barrio de Marxión e na súa contorna.
4. Mellorar as sinalizacións do barrio de Marxión, especialmente na contorna da Praza Invisa, elaborando un plan de circulación consensuado coa veciñanza.
5. Reparación do parque infantil.
6. Instar ós propietarios das fincas da contorna da Praza Invisa á súa limpeza conforme a normativa.
7. Dotar dunha fonte de auga potable á área de recreo do parque próximo á Praza Invisa.
8. Limpezas máis frecuentes do aparcamento disuasorio do barrio de Marxión.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

#### VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PP informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PP sobre reparación das deficiencias nas Rúas marxión, Vilar Ponte e na súa contorna.

- A seguir intervén Dona Beatriz Dios Abalo en representación dos veciños do barrio de Marxión.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE aprobar a moción presentada polo grupo político do PP e:

1. Que se arranxe o saneamento e os sumidoiros da Rúa Vilar Ponte, dando solución ós frecuentes desbordamentos que sofren. E que se realicen baldeos e unha limpeza frecuente en tanto non se arranxe a situación.

2. Reparación da capa de rodadura na rúa Vilar Ponte e en todo o barrio de Marxión e a súa contorna.
3. Mellora de beirarrúas no barrio de Marxión e na súa contorna.
4. Mellorar as sinalizacións do barrio de Marxión, especialmente na contorna da Praza Invisa, elaborando un plan de circulación consensuado coa veciñanza.
5. Reparación do parque infantil.
6. Instar ós propietarios das fincas da contorna da Praza Invisa á súa limpeza conforme a normativa.
7. Dotar dunha fonte de auga potable á área de recreo do parque próximo á Praza Invisa.
8. Limpezas máis frecuentes do aparcamento disuasorio do barrio de Marxión.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240404&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

## **9.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA:**

Dáse conta da proposta veciñal presentada pola Asociación de Veciños de Carril coa data de 20 de marzo de 2024, que é asumida por tódolos grupos políticos municipais, para o seu debate no Pleno da Corporación:

**- PROPOSTA VECIÑAL PRESENTADA POLA AA.VV. CARRIL PARA SOLICITAR O TRASLADO URXENTE DO TRANSFORMADOR UBICADO NA PRAZA DA LIBERDADE,** do seguinte teor, e que asumiron tódolos grupos políticos municipais para o Pleno:

"Dende a asociación de veciños de Carril transmitimos a preocupación dos habitantes deste pobo respecto ao transformador situado na Praza da Liberdade, unha zona propensa a inundacións, especialmente durante choivas intensas e mareas altas. Dende hai anos, este transformador ven xerando problemas, causando cortes de luz prolongados nos residentes da praza e rúas adxacentes. Estes apagóns, de longa duración, ocasionan perdas económicas para os establecementos comerciais e de hostalería así como interrupcións nas actividades cotiás dos veciños do lugar. Estes cortes, que en ocasións alcanzaron as cinco horas de duración, destacan a urxencia dunha solución.

Ademais, a parte exterior dese transformador leva anos en mal estado, con pezas levantadas ou rotas, representando un perigo para os viandantes e usuarios da praza.

Considerando a situación descrita, é evidente a urxencia de abordar este problema. Requírese unha solución inmediata para garantir a seguridade e benestar dos habitantes do Carril. A Asociación recolleu sinaturas para apoiar a solicitude de traslado a un lugar máis seguro, asegurando o subministro eléctrico estable e evitando posibles riscos para a comunidade derivados do mal estado dalgunhas partes.

Por isto, a Asociación de Veciños do Carril, solicita ao Pleno Municipal os seguintes acordos:.

- 1.- Instar ó Goberno Municipal á realización dun estudo técnico que avalíe as deficiencias que afecta ao funcionamento do transformador e que dito estudo se faga público.
- 2.- Instar ó Goberno Municipal a asegurar que a empresa encargada solucione as deficiencias, tanto da superficie como das referidas ó funcionamento do propio transformador.
- 3.- Instar ó Goberno Municipal a buscar un posible mellor emprazamento para o transformador,

segundo criterios técnicos, en coordinación coa Asociación de Veciños e a empresa encargada.

4.- Instar ó Goberno Municipal a acordar coa empresa encargada o traslado do transformador unha vez se atope o Novo emprazamento.

Solicitan así mesmo a intervención na sesión plenaria dun representante da Asociación de Veciños de Carril.

Na sesión plenaria sométese a votación a declaración de urxencia da moción, que é asumida por tódolos grupos políticos municipais, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE a declaración de urxencia da moción veciñal, que pasa a tratarse a continuación.

- Intervén D. Iago Carril Hierro, en representación da AA.VV. do Carril, para expoñer a proposta.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE aprobar a moción veciñal presentada pola Asociación de Veciños de Carril e:

1.- Que se nicien os procedementos pertinentes para o traslado urxente do transformador situado na Praza da Liberdade a unha ubicacións máis segura e adecuada, co fin de garantir un subministro eléctrico estable e evitar riscos para a comunidade.

2.- Que se realice unha avaliación detallada das posibles ubicacións alternativas para o transformador, considerando aspectos de seguridade e eficiencia enerxética.

3.- Que se estableza un plan de acción para minimizar os cortes de electricidade mentres se leva a cabo o traslado do transformador, asegurando así a continuidade dos servizos básicos para os residentes.

4.- Que se informe regularmente á asociación de veciños do Carril e á comunidade en xeral sobre o progreso dos trámites e accións relacionadas co traslado do transformador.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240404&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PSG-PSOE SOBRE A DESEMBOCADURA DO RÍO DO CON.** Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade de data 1 de abril de 2024, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE coa data de 13 de marzo de 2024, do seguinte teor:

**MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE VILAGARCÍA DE AROUSA PARA A SÚA CONSIDERACIÓN, DEBATE E POSTERIOR APROBACIÓN POLO PLENO.**

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A concesión da nave situada enriba da desembocadura do Río do Con rematou recentemente. É público o posicionamento do Goberno local de Vilagarcía de liberar esta desembocadura e abrillo, de xeito que facilite o tránsito do cauce que discorre baixo unha ponte de dous arcos de sección insuficiente e posibilite a eliminación do tapón existente na actualidade.

Esta intervención xa foi considerada necesaria no ano 2008, dous anos despois das graves inundacións sufridas en Vilagarcía como consecuencia do desbordamento do Río do Con.

A Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa manifestou recentemente a súa disposición para executar a apertura do río que redundaría ademais nunha mellora medioambiental, paisaxística e urbanística da contorna.

Coa finalización da concesión da nave e a predisposición amosada pola Autoridade Portuaria, é o momento de acometer a apertura da desembocadura do Río do Con, descrita e delimitada no proxecto para a prevención de inundacións do ano 2008 como "Actuacións no tramo 0".

Por todo o exposto, desde o Grupo Socialista do Concello de Vilagarcía de Arousa solicitamos aos demais Grupos Municipais, o apoio ao seguinte ACORDO:

1. Instar a Augas de Galicia e á Consellería de Medio Ambiente a retomar os traballos para executar as actuacións previstas no Proxecto de 2008 para a prevención das inundacións en Vilagarcía de Arousa denominadas "Actuacións no tramo 0".

Polo voceiro do grupo político municipal do PP (D. Juan Andrés Bayón Rolo) solicita consultar o proxecto de 2008 de Augas de Galicia a que fai referencia a moción.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

### VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE sobre a desembocadura do Río do Con.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con doce votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (9), BNG (2) e EU (1), e oito abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (8)

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE e:

1. Instar a Augas de Galicia e á Consellería de Medio Ambiente a retomar os traballos para executar as actuacións previstas no Proxecto de 2008 para a prevención das inundacións en Vilagarcía de Arousa denominadas "Actuacións no tramo 0". (Apertura da desembocadura do Río do Con).



Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240404&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PSG-PSOE SOBRE OS OBXECTIVOS DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E DE DÉBEDA PÚBLICA PARA O CONXUNTO DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS:** Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 1 de abril de 2024, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE coa data de 13 de marzo de 2024, do seguinte teor:

MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE VILAGARCÍA DE AROUSA PARA A SÚA CONSIDERACIÓN, DEBATE E POSTERIOR APROBACIÓN POLO PLENO.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En aplicación da Lei 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financieira (LOEPSF) e conforme ao seu artigo 15 o Consello de Ministros aprobou, o pasado 12 de decembro de 2023, o Acordo polo que se fixan os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para o conxunto das Administracións Públicas e de cada un dos seus subsectores para o período 2024-2026 así como o límite de gasto non financeiro do orzamento do Estado para 2024. En dito Acordo fíxase un obxectivo de déficit para o conxunto de Administracións do Estado do 3% do PIB no 2024 (2,7% en 2025 e 2,5% en 2026). Un Acordo e uns obxectivos, recordemos, que foron aprobados por Bruselas.

O documento, que recibíu a aprobación de Bruselas, recolle o obxectivo do 3% de déficit repartido por subsectores dunha forma máis estrita para Comunidades Autónomas e Entidades Locais, esixindo a Comunidades Autónomas equilibrio orzamentario e as Entidades Locais un superávit orzamentario de +0,2%.

O Goberno de España intentou durante estes anos dar maior marxen de financiación ás Comunidades Autónomas, que son quen garantizan o Estado de benestar. Son as competentes en prestar os servizos públicos básicos de Sanidade, Educación e Servizos Sociais. E, neste mesmo sentido, levouse a aprobación unha senda de estabilidade que supón unha flexibilización nas metas para Comunidades Autónomas e Entidades Locais.

Deste modo, fronte ao obxectivo inicial de equilibrio orzamentario para o conxunto das CCAA, plantease un déficit do 0,1% en 2024, tal e como se propuxo no Consello de Política Fiscal e Financieira, obtendo informe favorable na sesión de 11 de decembro. Nas EELL, tal como se propuxo na Comisión Nacional de Administración Local (CNAL), os Concellos e demais entes locais xa no terían que acadar un superávit do 0,2% en 2024 e situaríanse no equilibrio orzamentario.

Trátase, polo tanto, dunha marxe adicional para CCAA e EELL de tres décimas máis, equivalente a máis de 4.570 millóns de euros (4.573,2 millóns), que recaen sobre a Administración Xeral do Estado.

- Unha décima máis de marxe para as CCAA: máis de 1.500 millóns de euros adicionais de marxe orzamentario.
- Dúas décimas máis de marxe para as EELL: máis de 3.000 millóns de euros adicionais de marxe orzamentario.

Pero a pesares da flexibilización para CCAA e EELL, que estas medidas significan, o PP tanto no

Congreso dos Deputados como no Senado uníu os seus votos aos da extrema dereita para rexeitar estes acordos, a pesares de que a quen máis perxudica con elo é aos gobernos autonómicos e locais.

É dicir, o PP vota en contra dun Acordo do Goberno de España, que claramente perxudica aos intereses económicos de noso concello e, polo tanto, aos 37.689 habitantes de Vilagarcía de Arousa.

A senda de estabilidade proposta aprobouse no Congreso dúas veces, o 10 de xaneiro e novamente o 29 de febreiro, co voto en contra do PP. Ao seren rexeitados, no seu primeiro intento, no Senado, o Goberno presentou de novo os obxectivos de estabilidade a ambas Cámaras, conforme ao disposto no artigo 15.6 da LOEPSF, volvendo a ser rexeitado no Senado, en segunda volta.

Desta maneira os obxectivos de déficit para Administración Central, CCAA e EELL serán finalmente os fixados no Programa de Estabilidade do mes de abril, que conta xa coa aprobación das autoridades europeas.

É dicir, o resultado dun novo rexeitamento do PP e Vox no Senado á senda de estabilidade, conleva a redución da capacidade de financiación vía déficit que terán CCAA e Entidades Locais e, en concreto, para o noso Concello supón un mingua estimada de 2 millóns de euros.

Unha redución da capacidade de gasto que terá o concello de Vilagarcía de Arousa nas súas contas públicas, pois terán que pasar a contemplar nelas agora un superávit do 0,2% en 2024. Situación que claramente perxudicará á cidadanía de Vilagarcía.

Por todo o exposto, desde o Grupo Socialista do Concello de Vilagarcía de Arousa solicitamos aos demais Grupos Municipais, o apoio aos seguintes ACORDOS:

1. Manifiestar o seu apoio ao Acordo do Goberno polo que se fixan os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para o conxunto de Administracións Públicas e de cada un dos seus subsectores para o periodo 2024-2026 e o límite de gasto non financeiro do orzamento do Estado para o ano 2024, así como o Plan de Reequilibrio elaborado polo Goberno de España, que contempla o equilibrio orzamentario na Administración Local para 2024.

2. Dar traslado deste acordo aos Grupos Políticos do Congreso dos Deputados e do Senado.

En Vilagarcía de Arousa, a 13 de marzo de 2024

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE sobre os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para o conxunto das administracións públicas.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con dez votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (9) e EU (1), dúas abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do BNG (2), e oito votos en contra, dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (8),

ACÓRDASE: Por maioría, aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE e:

1. Manifiestar o seu apoio ao Acordo do Goberno polo que se fixan os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para o conxunto de Administracións Públicas e de cada un dos seus subsectores para o periodo 2024-2026 e o límite de gasto non financeiro do orzamento do Estado para o ano 2024, así como o Plan de Reequilibrio elaborado polo Goberno de España, que contempla o equilibrio orzamentario na Administración Local para 2024.
2. Dar traslado deste acordo aos Grupos Políticos do Congreso dos Deputados e do Senado.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240404&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

## **7.- COMPARECENCIA DE D. ALVARO CAROU GARCIA, EN CALIDADE DE CONCELLEIRO DE TURISMO, SOBRE O PROXECTO DE ACTUACIÓN DAS PRAIAS DA CONCHA E COMPOSTELA.-**

Dáse conta do acordo do Pleno Ordinario de data 29 de febreiro de 2024, de aprobación da solicitude de comparecencia de D. Alvaro Carou García, do seguinte teor:

Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 26 de febreiro de 2024, do seguinte teor

Dáse conta do escrito presentado polos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU coa data de 21 de febreiro de 2024, achegando a seguinte solicitude:

Os concelleiros integrantes dos grupos municipais do Partido Popular de Vilagarcía, Bloque Nacionalista Galego e Esquerda Unida, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula, para a súa discusión, e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 29 de febreiro de 2024 a moción que leva o seguinte nome:

“Solicitude de comparecencia de Don Álvaro Carou, en calidade de concelleiro de Turismo, sobre o proxecto de actuación das praias da Concha e Compostela”

Ana Granja Guillán voceira do Grupo Municipal do PP, Xavier Rodríguez Paz voceiro do Grupo Municipal do BNG e Juan Manuel Fajardo Recouso voceiro do Grupo Municipal de Esquerda Unida, presentan para o seu debate no pleno ordinario do mes de febreiro esta moción para dar conta da situación das Obras previstas na praia da Concha Compostela incluídas no proxecto de actuación de mellora da accesibilidade e tratamento da vexetación invasora das praias da Concha e Compostela.

Entre outras consideracións, reclamamos que a comparecencia debería conter explicación detallada, entre outras cuestións, dos seguintes aspectos:

- Data de Comezo das obras.
- Prazos de Execución.
- Afectación a eventos, servizos e instalacións da praia.
- Alegacións presentadas polo concello de Vilagarcía.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

**VOTACIÓN:**

Por unanimidade de tódalas persoas representantes dos grupos políticos municipais asistentes á Comisión Informativa (PSG-PSOE, PP, BNG e EU), infórmase favorablemente a solicitude de comparecencia de D. Alvaro Carou García, en calidade de Concelleiro de Turismo, sobre o proxecto de actuación das praias da Concha e Compostela, que terá lugar no próximo Pleno Ordinario a devandita comparecencia.

Na sesión plenaria de 29 de febreiro de 2024 sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

**VOTACIÓN.-** Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (19 de 21)

**ACÓRDASE:** Aprobar a comparecencia de D. Alvaro Carou García en calidade de Concelleiro de Turismo, sobre o proxecto de actuación das praias da Concha e Compostela, que terá lugar no próximo Pleno Ordinario a devandita comparecencia.

- Na presente sesión plenaria, comparece D. Alvaro Carou García

- A continuación interveñen os voceiros dos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU, asiantes da solicitude de comparecencia.

- Finalmente pecha o debate D. Alvaro Carou García.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240404&punto=7>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

## **8.- INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.**

Non se presentaron

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240404&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

## **9.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.**

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, propoñéndose as seguintes mocións.

**- PROPOSTA VECIÑAL DA AA.VV. CARRIL EN RELACIÓN COA SOLICITUDE DE TRASLADO URGENTE DO TRANSFORMADOR UBICADO NA PRAZA DA LIBERDADE** (tratada no punto nº 3 da orde do día da convocatoria do Pleno)

**MOCIÓN DE URXENCIA DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG PARA SOLICITAR QUE O CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA REALICE ALEGACIÓNS CONTRA O PROXECTO ALTRI EN DEFENSA DA CALIDADE DAS AUGAS DO RÍO ULLA E A RÍA DE AROUSA**

Francisco Xabier Rodríguez Paz, portavoz do grupo municipal do BNG no concello de Vilagarcía, ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación en Pleno, se procede, a seguinte

**MOCIÓN DE URXENCIA:**

Exposición de motivos:

No DOG do día 4 de marzo de 2024 saíu publicado o anuncio da Secretaría Xeral de Industria polo que se somete a exposición pública a AAI, o EIA, a declaración de utilidade pública e o proxecto para a implantación dunha industria de fibra téxtil a base de celulosa, promovido por Greenfiber S.L. no concello de Palas de Rei (proxecto Altri).

Este proxecto tramitouse con absoluta falta de transparencia e con enganos, xa que durante máis de dous anos publicitouse unha factoría circular de fibras téxtiles e finalmente sóubose que o obxectivo principal será a produción de pasta de celulosa soluble, destinada preferentemente á exportación sen valor engadido e sen peche de ciclo.

Estamos, xa que logo, diante dunha actividade industrial nin nada sostible nin moito menos circular, que terá, en distintos graos, un fortísimo impacto no territorio, no ambiente, no patrimonio cultural, nas actividades socioeconómicas, no río Ulla, na ría de Arousa e no modelo forestal.

Se ben no concello de Vilagarcía non hai unha afectación directa polas infraestruturas deste proxecto, a actividade desta empresa está directamente ligada ao río Ulla, pois prevé un consumo de auga directamente desde o río de 46.000 metros cúbicos ao día, o que supón máis do 10% do volume de auga do encoro de Portodemouros. E, por conseguinte, un vertido de augas industriais de 30.000 metros cúbicos ao día de volta ao río Ulla.

Este proxecto vai supor indiscutiblemente un empeoramento severo da calidade da auga do río Ulla, no seu curso final, que é o que afecta ao noso municipio, tanto polos vertidos como polo risco de eutrofización ao baixar o caudal do río nos tres encoros superpostos (Portodemouros, Brandariz e Touro), caudal que se verá comprometido en épocas de estiaxe.

A calidade actual das augas do Ulla ten sido cuestionada reiteradamente, así como o seu impacto na biodiversidade da Ría de Arousa e a produtividade da mesma en termos de pesca e marisqueo; nomeadamente, no que afecta directamente ao noso municipio, ás nosas praias e zonas de marisqueo de Carril, Sobradelo e Vilaxoán.

Recentemente, o 30 de novembro de 2023, este Pleno pronunciouse a favor de apoiar que se garantisen e priorizasen as actividades da pesca, marisqueo e acuicultura extensiva no espazo marítimo da costa galega fronte a outras actividades que, ben polo seu carácter contaminante, ou porque ocupan o espazo da súa actividade, chegasen a ser contraditorias ou poñer en perigo a súa sostibilidade.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno esta moción, propondo a adopción dos seguintes

**ACORDOS:**

1. Instar ao goberno municipal de Vilagarcía de Arousa a:

a) Elaborar alegacións en tempo e forma contra o proxecto de Altri en Palas de Rei, polas afeccións

que este tería sobre o río Ulla e, consecuentemente, en toda a Ría de Arousa.

b) Promover alegacións veciñais e pór a disposición do conxunto da veciñanza modelos de alegación contra este proxecto.

Na sesión plenaria sométese a votación a declaración de urxencia da moción, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con doce votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (9), BNG (2) e EU (1) e oito abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (8),

ACÓRDASE: Por maioría, aprobar declaración de urxencia da moción presentada polo grupo político municipal do BNG para solicitar que o Concello de Vilagarcía de Arousa realice alegacións contra o proxecto ALTRI en defensa da calidade das augas do Río Ulla e a Ría de Arousa.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con doce votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (9), BNG (2) e EU (1) e oito votos en contra dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (8),

ACÓRDASE: Por maioría, aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do BNG e:

1. Instar ao goberno municipal de Vilagarcía de Arousa a:

a) Elaborar alegacións en tempo e forma contra o proxecto de Altri en Palas de Rei, polas afeccións que este tería sobre o río Ulla e, consecuentemente, en toda a Ría de Arousa.

b) Promover alegacións veciñais e pór a disposición do conxunto da veciñanza modelos de alegación contra este proxecto.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240404&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

## **10.- RESPOSTA DOS/AS CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS ÁS PREGUNTAS FORMULADAS NO PLENO ANTERIOR.**

Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as respóndese ás preguntas formuladas no Pleno anterior.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240404&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

## **11.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL**

Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse rogos e preguntas que serán contestadas no próximo Pleno.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240404&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**12.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE AS PERSOAS QUE ASISTEN COMO PÚBLICO Á SESIÓN.** Por parte do público asistente fórmulanse rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240404&punto=12>

Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

E sen máis asuntos que tratar, ás 20:30, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.